



ILMO. CONCELLO DE VIANA DO BOLO (OURENSE)

D<sup>a</sup> ANA ALVAREZ BLANCO, SECRETARIA INTERVENTORA DO  
CONCELLO DE VIANA DO BOLO

### CERTIFICO

O Pleno do Concello de Viana do Bolo, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de marzo de 2016, adoptou, entre outros, os seguintes acordos que, sendo o seu tenor literal e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, o que a continuación se indica:

#### NOVENO.- APROBACION, SE PROCEDE, ADHESIÓN CONVENIO DEPUTACIÓN EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA

O Sr Alcalde da lectura a seguinte proposta de Alcaldía:

*“Dada a necesidade de facer efectiva no Concello de Viana do Bolo as obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, considérase necesario subscribir segundo o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, un Convenio administrativo de Cooperación entre este Concello de Viana do Bolo e Deputación Provincial de Ourense en materia de transparencia e acceso a información pública*

*Por todo o exposto e segundo a lexislación vixente aplicable a materia, propónse ó pleno a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar a adhesión do Concello de Viana do Bolo ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública*

**SEGUNDO.-** *Transferirlle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6,7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.*



ILMO. CONCELLO DE VIANA DO BOLO (OURENSE)

*TERCEIRO.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a Secretaria Interventora ou persoa en quen delegue. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta o pleno."*

O Alcalde explica que .....///

Polo Sr Alcalde sométese a votación a proposta de Alcaldía, resultando aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes, nos termos nos que foi formulada.

E para que así conste e surta os efectos oportunos expido o presente certificado co Visto e Prace do Sr. Alcalde, en Viana do Bolo a 31 de marzo de 2016 .

V<sup>o</sup> e Prace  
O Alcalde,  
  
Asdo.: Secundino Fernández Fernández

A Secretaria,  
  
Asdo.: Ana Álvarez Blanco